

**NORMATIVA PARA A OBTENCIÓN DO GRADO DE LICENCIATURA EN BIOLOXÍA
(MODALIDADE TESINA) NA FACULTADE DE BIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

As Teses de Licenciatura terán que axustarse ás seguintes prescricións:

1. A súa **tramitación** é competencia do Decanato da Facultade.
2. Deberán ser elaboradas baixo a inmediata **dirección** dun ou varios membros do Personal Docente e Investigador (PDI) da Facultade, en posesión do título de Doutor. Tamén poderán ser dirixidas por investigadores doutores alleos a Facultade. Neste caso, o Director designará, previa sinatura de conformidade (escrita) por parte do mesmo, un Ponente, que deberá ser profesor da Facultade e estar en posesión do título de Doutor.
3. A Tese de Licenciatura deberá ser inscrita no Rexistro do Decanato, cunha **antelación mínima** de 6 (seis) meses ao momento da súa presentación, mediante comunicación escrita dirixida ao Decano, indicando **o tema** (ou o título aproximado) sobor do que versará a mesma.
Alternativamente, admitirase a trámite aquela Tese de Licenciatura, que sen estar inscrita no Decanato, o autor **acredite documentalmente, que tiña vinculación co tema, cunha antelación mínima** de 6 (seis) meses á data de presentación. Son acreditacións válidas:
 - I. Copia da folla de sinaturas dun Proxecto de Investigación, no que figure o autor da Tese de Licenciatura.
 - II. Credencial, por parte do autor da Tese de Licenciatura, na que figure a súa condición de bolseiro de investigación do Ministerio, da Xunta, dun Proxecto Europeo ou equivalentes.
 - III. Certificación dun Departamento da Universidade, na que conste que o autor da Tese de Licenciatura, é alumno do Terceiro Ciclo da Universidade de Vigo.
4. A Tese de Licenciatura, terá que ser presentada no Rexistro do Decanato **por duplicado**, acompañada dun informe do Director da mesma, e, no seu caso, do Ponente, co visto bó do Director do Departamento ao que está adscrito o Director da Tese ou o Ponente. No devandito informe, acreditaráse o cumprimento das condicións

mínimas de autenticidade na investigación. Asimesmo, **adxuntarase copia do Título de Licenciado en Bioloxía.**

5. A Xunta de Facultade (ou a Comisión Permanente) **aprobará** se procede, nun prazo máximo de 15 días naturais, a data de exposición e defensa, e a composición do Tribunal avaliador, previa proposta –relativa á ámbalas dúas cuestións- do Director da Tese de Licenciatura (ou do Ponente). Unha vez aprobados, a Tese de Licenciatura poráse a disposición do Tribunal, cunha antelación mínima de 15 (quince) días naturais á data sinalada para a súa defensa.

6. O Tribunal avaliador, estará composto por 3 (tres) doutores, dos que se xustifique o seu vencellamento á investigación, sendo, a lo menos, o **Secretario do Tribunal, membro da Facultade.** Na devandita proposta, indicaránse tamén os suplentes dos membros titulares. Non poderá formar parte do Tribunal o Director da Tese, nen o Ponente.

Os gastos ocasionados pola presenza de doutores alleos á Facultade, serán responsabilidade do Director da Tese (ou, no seu caso, o Ponente), quen deberá comunicar o xeito de financiamento dos mesmos na súa proposta de composición do Tribunal.

7. Na sesión de exposición e defensa da Tese de Licenciatura, o autor deberá efectuar un informe resumido da investigación desenvolvida, durante un tempo non superior a 20 (vinte) minutos. Os membros do Tribunal poderán formular ao autor as preguntas que estimen oportunas.

8. O Decanato encargaráse de facer pública a data, o lugar, e o título da Tese de Licenciatura a defender, cunha antelación mínima de 15 (quince) días naturais.

9. Unha vez rematada a sesión de exposición e defensa, os membros do Tribunal, asinarán a Acta que lle será previamente entregada ao Secretario do Tribunal pola Secretaría do Decanato. A cualificación outorgada (suspense, aprobado, notable ou sobresainte) será incluída na Certificación Académica Oficial do autor, e asinada polo Secretario da Facultade.